

"A igualdade das mulleres e das nenas constitúe tamén un imperativo económico e social. Ata que non se consiga liberar ás mulleres e ás nenas da pobreza e da inxustiza, tódolos nosos obxectivos – a paz, a seguridade, o desenvolvemento sostíble– correrán perigo".

Ban Ki-moon, Secretario Xeral da ONU



Para coñecer e recordar a mulleres galegas que deixaron a súa pegada na historia, podedes visitar a seguinte páxina web:

[www.culturagalega.org/
album/8demarzo](http://www.culturagalega.org/album/8demarzo)



O noso agradecemento á Biblioteca do IES RÍO CABE de Monforte de Lemos por facilitarnos o material desta actividade:

Famosas? Famosas!

8 DE MARZO
2010

DÍA
INTERNACIONAL
DA MULLER

Moitas son as mulleres que teñen ou tiveron un papel importante na historia. Aproveitamos este día para achegarnos a algunhas delas a través das súas biografías

Un pouco de historia sobre o 8 de marzo

En 1910 en Copenhague a Internacional Socialista proclamou o Día Internacional da Muller como homenaxe ao movemento a favor dos dereitos deste colectivo. En 1911, o 19 de marzo, en Alemaña, Austria, Suíza e Dinamarca celebrouse este día con mitins multitudinarios, nos que se fixeron reivindicacións importantes: o dereito ao voto, ao traballo, á formación profesional e á non discriminación laboral. Uns días despois, o 25 de marzo, máis de 140 traballadoras, morreron no incendio dunha fábrica en Nova York debido ás precarias condicións das instalacións, polo que en celebracións posteriores sempre se lembrou este feito. En 1914, a principios de marzo houbo manifestacións femininas en varios países en contra da I Guerra Mundial e en 1917, en protesta polos miles de soldados mortos, as mulleres rusas puxéronse en folga e uns días despois o zar abdicou e elas obtiveron o dereito ao voto.

Esa gran conquista tivo lugar o 8 de marzo. Por iso nesta data recordamos que aínda queda moito que facer para que as mulleres de todo o mundo ocupen o lugar que lles corresponde na sociedade.

A nosa celebración: *Famosas? Famosas!*

Lemos biografías e familiarizámonos cos retratos de mulleres importantes ao longo da historia.

Para conmemorar este día, imos recordar a moitas mulleres que destacaron en diferentes campos ao longo da historia e que non son tan coñecidas como deberían.

Presentaremos nun taboleiro as súas **biografías** e os seus **retratos** e convidámosvos a xoguedes a identificalas. Non será doado, pero si será divertido.

Na exposición que estará ao lado do taboleiro tamén poderedes ver as biografías que temos na biblioteca.

Biografía: Narración da vida dunha persoa e xénero literario ao que pertencen estas narracións.

Nunha biografía atopamos normalmente a presentación do personaxe, a narración dos feitos máis importantes da súa vida e ás veces unha valoración, máis ou menos subxectiva, sobre a transcendencia do personaxe.

Autobiografía: Narración da vida dunha persoa feita por ela mesma.

